

**1. Identificación da programación**
**Centro educativo**

Código	Centro	Concello	Ano académico
15021469	CIFP Leixa	Ferrol	2025/2026

**Ciclo formativo**

Código da familia profesional	Familia profesional	Código do ciclo formativo	Ciclo formativo	Grao	Réxime
SSC	Servizos socioculturais e á comunidade	CSSSC03	Animación sociocultural e turística	Ciclos formativos de grao superior	Réxime de proba libre

**Módulo profesional e unidades formativas de menor duración (\*)**

Código MP/UF	Nome	Curso	Sesións semanais	Horas anuais	Sesións anuais
MP1128	Desenvolvemento comunitario	2025/2026	0	107	0

(\*) No caso de que o módulo profesional estea organizado en unidades formativas de menor duración

**Profesorado responsable**

Profesorado asignado ao módulo	ISABEL DÍAZ GONZÁLEZ, RITA LUSTRES ALONSO, PEDRO FERNANDO GRANELL MACÍAS (Subst.)
Outro profesorado	

Estado: Pendente de supervisión equipo directivo

## 2. Resultados de aprendizaxe e criterios de avaliación

### 2.1. Primeira parte da proba

#### 2.1.1. Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultados de aprendizaxe do currículo
RA1 - Deseña proxectos comunitarios, para o que selecciona estratexias que garantan a participación dos axentes sociais na análise da realidade social e a planificación da intervención
RA2 - Realiza actividades para promover a participación cidadá na construción de procesos comunitarios, en relación co marco legal e os recursos dispoñibles
RA3 - Aplica recursos e estratexias para promover a comunicación e o intercambio de información entre os axentes comunitarios, identificando as características do territorio e a comunidade e as súas necesidades informativas
RA4 - Realiza actuacións de apoio e soporte técnico ao tecido asociativo, analizando o marco legal e administrativo para a súa constitución e a súa xestión
RA5 - Pon en práctica procesos de mediación comunitaria, para o que analiza as características do conflito e dos axentes sociais implicados
RA6 - Realiza actividades de avaliación dos proxectos comunitarios, para o que selecciona estratexias, técnicas e instrumentos que posibiliten a participación dos axentes

#### 2.1.2. Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos resultados de aprendizaxe por parte do alumnado

Criterios de avaliación do currículo
CA1.1 Identifícanse os elementos estruturais da comunidade e os principais axentes do proceso comunitario
CA1.2 Identifícanse os contextos, ámbitos e sectores de intervención do desenvolvemento comunitario
CA1.3 Defínense estratexias para crear e manter relacións cos axentes comunitarios
CA1.4 Créanse bases de datos de axentes, redes sociais, proxectos e programas comunitarios
CA1.5 Analízanse programas e experiencias de desenvolvemento comunitario
CA1.6 Defínense instrumentos para identificar as aspiracións e os intereses das persoas, colectivos, grupos e institucións

Crterios de avaliación do currículo
CA1.7 Descríbóronse as fases, as estratexias e os instrumentos para a planificación participativa de proxectos comunitarios
CA1.8 Argumentouse a importancia de manter actualizados os datos relativos a vías e fontes de información
CA2.1 Caracterizáronse os procesos de participación social e cidadá, e o seu marco legal
CA2.3 Identificáronse os factores que facilitan ou iniben a participación comunitaria
CA2.4 Seleccionáronse recursos e estratexias para promover a participación e a colaboración dos axentes comunitarios
CA2.5 Caracterizáronse as intervencións comunitarias baseadas en apoio social
CA2.6 Describiuse o papel do persoal dinamizador comunitario nos procesos de apoio social
CA2.7 Identificáronse os espazos de encontro formais e informais existentes nunha comunidade ou zona
CA2.8 Establecéronse protocolos para o control e a xestión participativa dos materiais e dos espazos de encontro
CA3.1 Seleccionáronse técnicas e estratexias de comunicación atendendo ás características do territorio e a comunidade
CA3.3 Identificáronse os instrumentos de comunicación formal e informal existentes no territorio de actuación
CA3.4 Identificáronse as principais fontes de información na dinamización comunitaria
CA3.8 Definíronse indicadores para valorar o nivel de difusión das actividades e o impacto da información transmitida
CA4.1 Analizouse o marco legal e os procedementos administrativos para a constitución e a xestión dunha entidade ou asociación
CA4.3 Describiuse a estrutura organizativa e funcional das entidades e asociacións
CA4.4 Describiuse o papel e as funcións do persoal dinamizador comunitario no desenvolvemento e no mantemento do tecido asociativo
CA4.5 Identificáronse as vías para solicitar documentación de diferentes organismos, institucións e recursos que xestionan información
CA4.6 Identificáronse as axudas e as prestacións que poidan recibir as entidades ou asociacións por parte das administracións

<b>Criterios de avaliación do currículo</b>
CA5.1 Obtívose información salientable para caracterizar a situación de conflito
CA5.2 Argumentouse se a situación analizada é susceptible de mediación
CA5.4 Argumentouse a selección das técnicas e dos procedementos empregados
CA5.5 Mantívose unha actitude de escoita activa durante o proceso de mediación
CA5.6 Establecéronse as liñas de actuación para realizar a avaliación do proceso e o seguimento dos acordos
CA6.1 Seleccionáronse estratexias e instrumentos de avaliación participativa atendendo ás características da comunidade e os obxectivos
CA6.3 Adecuáronse as técnicas e os instrumentos de recollida e análise da avaliación á realidade dos axentes
CA6.4 Establecéronse protocolos para a comunicación dos resultados da avaliación a todos os membros do equipo e axentes implicados
CA6.5 Identificáronse os instrumentos de análise que permitan identificar a relación establecida entre os axentes comunitarios e o seu nivel de coordinación
CA6.6 Establecéronse criterios e indicadores para verificar a utilidade das estratexias e instrumentos de comunicación empregados no proxecto comunitario
CA6.8 Establecéronse os procedementos xerais para a xestión da calidade da intervención

## **2.2. Segunda parte da proba**

### **2.2.1. Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan**

<b>Resultados de aprendizaxe do currículo</b>
RA2 - Realiza actividades para promover a participación cidadá na construción de procesos comunitarios, en relación co marco legal e os recursos dispoñibles
RA3 - Aplica recursos e estratexias para promover a comunicación e o intercambio de información entre os axentes comunitarios, identificando as características do territorio e a comunidade e as súas necesidades informativas
RA4 - Realiza actuacións de apoio e soporte técnico ao tecido asociativo, analizando o marco legal e administrativo para a súa constitución e a súa xestión
RA5 - Pon en práctica procesos de mediación comunitaria, para o que analiza as características do conflito e dos axentes sociais implicados
RA6 - Realiza actividades de avaliación dos proxectos comunitarios, para o que selecciona estratexias, técnicas e instrumentos que posibiliten a participación dos axentes

**2.2.2. Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos resultados de aprendizaxe por parte do alumnado**

Criterios de avaliación do currículo
CA2.2 Elaboráronse instrumentos para identificar o nivel de participación de grupos, colectivos, entidades e institucións da comunidade ou zona
CA3.2 Elaboráronse instrumentos para identificar as necesidades informativas da comunidade
CA3.5 Elaboráronse instrumentos para recoller e sistematizar a información xerada nos procesos comunitarios
CA3.6 Utilizáronse recursos e estratexias de comunicación e difusión de proxectos e actuacións comunitarias
CA3.7 Elaboráronse protocolos de intercambio e difusión de información no ámbito comunitario
CA4.2 Cubríronse os documentos de constitución dunha entidade ou asociación
CA4.7 Elaboráronse bases de datos e guías sobre recursos de apoio ao tecido asociativo
CA5.3 Respectáronse as fases e as condicións de realización do proceso de mediación comunitaria
CA5.7 Cubriuse a documentación asociada ao proceso de mediación
CA5.8 Valorouse a necesidade de que a información asociada ao proceso sexa fiable, válida e confidencial
CA6.2 Elaboráronse instrumentos para realizar o seguimento dos procesos de participación en colaboración cos axentes
CA6.7 Empregáronse as tecnoloxías da información e da comunicación para a elaboración, presentación e difusión de informes de avaliación e memorias

**3. Mínimos exixibles para alcanzar a avaliación positiva e os criterios de cualificación**

Considéranse mínimos os establecidos na normativa pola que se establece o currículo do ciclo formativo de grao superior correspondente ao título de técnico superior en Animación Sociocultural e Turística que se relacionan coa primeira parte da proba e/ou coa segunda parte da proba e que se recollen no apartado 2 desta programación.

O alumnado deberá realizar unha proba global correspondente á totalidade dos contidos do módulo, estruturada en dúas partes diferenciadas, cada unha delas cualificada sobre un máximo de 10 puntos.

A cualificación final da proba obterase mediante a media aritmética ao 50 % das dúas partes, sempre que en cada unha delas se acade unha puntuación mínima de 5 puntos.

A proba desenvolverase en dúas sesións diferenciadas, correspondentes a cada unha das partes, tendo ambas carácter eliminatorio. No caso de non superar algunha das dúas partes, a cualificación final da proba non poderá ser superior a 4 puntos. As cualificacións finais expresaranse en números enteiros, sen decimais.

O redondeo da cualificación final realizarase ao enteiro superior cando a cifra decimal sexa igual ou superior a 0,6. Non obstante, este redondeo non se aplicará cando implique acadar unha cualificación igual ou superior a 5 puntos sen ter superada algunha das partes da proba.

Ademais dos criterios de avaliación descritos no currículo, o profesorado terá en consideración os seguintes aspectos:

- A coherencia e adecuación das respostas ao solicitado no enunciado das preguntas abertas (xustificar, citar, explicar, enumerar, exemplificar, etc.).
- Coherencia das respostas co demandado no enunciado das preguntas abertas (xustifica, cita, explica, enumera, pon un exemplo, etc.).
- A axeitada adaptación das solucións nos supostos prácticos aos datos concretos formulados no seu enunciado.

Así mesmo, poderá ser excluído/a da realización de calquera parte da proba o alumnado que leve a cabo actuacións de carácter fraudulento ou que incumpra as normas establecidas para o seu desenvolvemento. Neste caso, a proba correspondente será cualificada cunha puntuación de cero (0) puntos.

#### 4. Características da proba e instrumentos para o seu desenvolvemento

##### 4.a) Primeira parte da proba

A primeira parte da proba terá carácter eliminatorio e consistirá nunha proba escrita que versará sobre unha mostra suficientemente representativa dos criterios mínimos de avaliación establecidos na programación (apartado 2.b) para esta parte.

Esta proba poderá incluír diferentes tipoloxías de preguntas, tales como:

- ¿ preguntas tipo test,
- ¿ preguntas de desenvolvemento,
- ¿ preguntas de resposta curta,
- ¿ exercicios de completar,

¿ preguntas de verdadeiro ou falso.

No enunciado da proba explicitarase o valor asignado a cada pregunta.

A cualificación desta parte realizarase nunha escala de 0 a 10 puntos, cun máximo de dous decimais. Para a súa superación, as persoas candidatas deberán obter unha puntuación igual ou superior a 5 puntos. Non se aplicará redondeo (que se fará a partir de 0,6) nas cualificacións inferiores a 5 puntos.

A non superación desta primeira parte implicará a non superación da segunda parte da proba, que será cualificada con 0 puntos, de acordo co establecido na lexislación vixente.

A duración máxima desta parte será de 1 hora e 30 minutos.

As persoas candidatas deberán acudir á proba provistas de:

¿ bolígrafo azul ou negro de tinta indeleble (non se permite o uso de lapis nin de tintas correctoras),

¿ documento oficial de identificación en vigor e orixinal (DNI, NIE, pasaporte ou permiso de condución español).

Non se permitirá o acceso ao espazo de realización da proba sen a debida acreditación da identidade.

Queda totalmente prohibida a utilización de teléfonos móbiles e/ou calquera outro dispositivo electrónico (reloxos intelixentes, tabletas ou similares) susceptible de conexión a internet. Estes dispositivos deberán permanecer apagados durante toda a realización da proba.

Non se permitirá o acceso á aula unha vez iniciada a proba, conforme ao horario establecido.

Non se poderá abandonar a aula durante os primeiros 15 minutos desde o momento da entrega da proba.

Así mesmo, non se poderá retirar da aula ningunha copia do exame nin ningún elemento auxiliar empregado durante a súa realización.

#### 4.b) Segunda parte da proba

As persoas aspirantes que superen a primeira parte da proba deberán realizar a segunda parte, que tamén terá carácter eliminatorio.

Esta segunda parte consistirá no desenvolvemento dun ou varios supostos prácticos, que versarán sobre unha mostra suficientemente significativa dos criterios de avaliación establecidos na programación para esta parte. Os supostos prácticos estarán orientados á aplicación dos coñecementos e á resolución de situacións relacionadas co contexto profesional propio do módulo.

No enunciado da proba explicitarase o valor asignado a cada suposto ou apartado, así como as indicacións necesarias para a súa correcta realización.

A cualificación desta parte realizarase nunha escala de 0 a 10 puntos, cun máximo de dous decimais. Para a súa superación, as persoas aspirantes deberán obter unha puntuación igual ou superior a 5 puntos.

No caso das persoas aspirantes que non superen esta segunda parte, a puntuación máxima que poderá asignarse será de 4 puntos, conforme ao establecido na normativa reguladora destas probas.

A duración máxima desta parte será de 2 horas.

As persoas aspirantes deberán acudir á proba provistas de:

¿ bolígrafo azul ou negro de tinta indeleble (non se permite o uso de lapis nin de tintas correctoras),

¿ documento oficial de identificación en vigor e orixinal (DNI, NIE, pasaporte ou permiso de condución español).

Queda totalmente prohibida a utilización de teléfonos móbiles e/ou calquera outro dispositivo electrónico (reloxos intelixentes, tabletas ou similares) susceptible de conexión a internet. Estes dispositivos deberán

permanecer apagados durante toda a realización da proba.

Non se permitirá o acceso á aula unha vez iniciada a proba, conforme ao horario establecido.

Non se poderá abandonar a aula durante os primeiros 15 minutos desde o momento da entrega da proba.

Así mesmo, non se poderá retirar da aula ningunha copia do exame nin ningún elemento auxiliar empregado durante a súa realización.